

AER REMÍTELLE AO GOBERNO LOCAL E AOS DEMAIS GRUPOS DA OPOSICIÓN AS SÚAS NOVAS PROPOSTAS DE CARA AO REMANENTE DO ANO 2018



Tras ter remitido hai uns días unha batería de propostas ao goberno local para que as tivesen en consideración de cara a inversións co remanente do ano 2018, recoñecendo que algunhas delas precisan dun proceso previo de negociacións cos propietarios dos terreos e afectados, a Agrupación de Electores de Redondela ven de realizar nos últimos días unha revisión destas propostas adaptándoas para que a súa execución sexa factible a curto e medio prazo e incluíndo outras demandas veciñais que encaixasen mellor neste destino. **Todas estas propostas acompañáronse do oportuno argumento xustificativo.**

Aínda así, AER segue mantendo e propoñendo unha listaxe de actuacións que considera de interese xeral para a veciñanza do concello, de cara a que o goberno local as coñeza e teña a ben levabas a cabo a través doutras partidas orzamentarias ou mesmo considerando a súa inclusión na axuda FEDER do Redondela 2020. Estas propostas de inversión son de diversa índole, centrándose en cuestións de mellora enerxética, espazos verdes, accesibilidade, cultura ou instalacións deportivas:

- Campo de fútbol municipal da Gándara (O Viso).
- Pista de atletismo en Quintela (aproveitando o entorno da nova casa cultural modular).
- Zona multideporte xunto ao pavillón da Marisma: Pista exterior de patinaxe + baloncesto + futbito, xunto á pista de skate a crear (similar ao espazo existente no Peirao de Arcade).
- Eliminación de barreiras arquitectónicas nas instalacións deportivas municipais que o precisen.
- Sinalización e mellora da Ruta das Pedras en Ventosela e sinalización nas parroquias dos elementos do patrimonio histórico (edificios históricos, petróglifos, mámoas, etc.).
- Rehabilitación do Cemiterio dos Eidos.
- Rehabilitación escola de Trasmañó para uso socio-cultural, con habilitación de parte para hospedar o material de Alén Nós do Museo Mudhar, centro de interpretación do Monte Penide.
- 1º Fase adquisición terreo e da instalación da antiga fábricas de tellas na Telleira.
- Mellora da accesibilidade no edificio histórico onde actualmente se atopa a sede de Servizos Sociais .
- Local compartido de asociacións (a estudar posibilidades e ubicacións) .
- Parque infantil/zona de xogos no barrio dos Eidos.
- Creación de parques infantís homologados no exterior das escolas unitarias do Concello, con diferentes elementos de xogo (columpios, bambáns, estruturas), que inclúan hortas como elemento de xogo educativo coa natureza.

- 1ª Fase de mellora e reforma integral do paseo da praia da Punta Dereita; Parques infantil e biosaludable, iluminación LED, pavimento, zona arborada, adecuación da pasarela de madeira, etc.
- Mellora e eficiencia enerxética da iluminación pública na Cardona (Chapela), Rabadeira (Vilavella), Avda. Mendiño, entre outras. Corrección de deficiencias e substitución das luminarias por sistema LED con telexestión.
- Reforma das Casas Baixas dos Mestres para vivendas sociais na Avda. Mendiño.

Redondela, 27 de abril de 2018